

Convocatoria IGNICIA – Proba de concepto 2023

Organismo convocante:	GAIN – Axencia Galega de Innovación
Prazo de presentación solicitudes:	28 de febreiro de 2023
Web da convocatoria:	http://gain.xunta.gal/artigos/510/ignicia

>> Obxectivos:

- Facilitar a transferencia de resultados de investigación desde organismos de investigación ao mercado.
- Acelerar e mellorar os resultados nos procesos de transferencia tecnolóxica.
- Contribuír á rendibilización económica e social do investimento público en investigación.
- Internacionalizar a función de transferencia da tecnoloxía.
- Detectar con prontitude proxectos con potencial innovador e de mercado.

>> Que ofrece IGNICIA?

- **Investimento:** o programa realiza unha achega patrimonial onerosa destinada a financiar os gastos marxinais precisos para desenvolver as aplicacións comerciais dos proxectos seleccionados (estudos de mercado, validación técnica, análise de oportunidades comerciais e de negocio, etc).
- **Soporte:** asesoramento e contacto con potenciais partners ou identificación e contacto con potenciais clientes.
- **Acompañamento** durante todo o proceso de comercialización.

>> Requisitos dos proxectos:

- Abordar probas ou actuacións posteriores á obtención do resultado de investigación que se pretende explotar, e que permitan validar unha tecnoloxía en condicións reais ou cuasi reais.
- Situar-se nun TRL 4 ou superior
- Ter a capacidade de xerar resultados con aplicación na sociedade; estes resultados deberán ter potencial comercial e xerar retornos

>> Avaliación en 2 fases:

- **Fase 1:** Seleccionaranse un máximo de 25 proxectos.
- **Fase 2:** Avaliación realizada por un equipo asesor externo de especialistas nacionais e internacionais en transferencia. Está previsto que se financien en torno a 7 proxectos.

>> Criterios de valoración (fase 1):

a. Excelencia científico-técnica da proposta: ata 30 puntos.

1. Grao de innovación e alcance da novidade da proposta (máximo 6 puntos)
2. Grao de coñecemento dos antecedentes e do estado da arte (máximo 6 puntos)
3. Obxectivos do proxecto, concreción e exposición da proposta (máximo 6 puntos)
4. Grao de desenvolvemento actual da tecnoloxía. Nivel de TRL (máximo 6 puntos)
5. Planificación para o desenvolvemento do proxecto: plan de traballo (máximo 6 puntos)

b. Potencial comercial da tecnoloxía: ata 35 puntos.

1. A dimensión (rexional, nacional ou internacional) do mercado potencial das aplicacións da tecnoloxía e existencia de demanda unha vez o resultado estea listo para a súa comercialización (máximo 10 puntos)
2. Estratexia de comercialización dos resultados do proxecto (máximo 6 puntos)
3. Estratexia de protección en relación coa estratexia de comercialización (máximo 7 puntos)
4. Existencia de vantaxes competitivas da tecnoloxía (máximo 7 puntos)
5. Prazo de chegada ao mercado (máximo 5 puntos)

c. Equipo de traballo: ata 20 puntos.

1. Capacidade de xestión do equipo e a súa experiencia previa en xestión de proxectos colaborativos rexionais, nacionais ou internacionais (máximo 5 puntos)
2. Experiencia previa do equipo en traballos coa industria relacionada co proxecto (máximo 7 puntos)
3. Experiencia previa do equipo en procesos de transferencia de tecnoloxía (máximo 8 puntos)

d. Impacto socioeconómico do proxecto: ata 15 puntos.

1. A repercusión do proxecto na actividade empresarial galega. Grao de mobilización do investimento privado (máximo 5 puntos).
2. A xeración de emprego en Galicia (máximo 5 puntos).
3. Igualdade de xénero. Participación equilibrada de mulleres no equipo promotor do proxecto. Se a porcentaxe de mulleres dentro do equipo é igual ou superior ao 50 %: 3 puntos.
4. Investigación responsable. Adecuación argumentada do aliñamento dos obxectivos do proxecto a algúns dos seguintes criterios: (máximo 2 puntos)
 - a) A I+D realizada axudará a mellorar a calidade de vida e a saúde dos cidadáns.
 - b) A I+D realizada terá un impacto positivo na conservación ambiental e/ou dará lugar a unha relación máis sustentable entre a sociedade, a industria e o ambiente.
 - c) A I+D realizada axudará a aumentar o coñecemento, a concienciación e a comprensión da ciencia, a enxeñaría e a tecnoloxía entre a sociedade en xeral.
 - d) A I+D realizada axudará a mellorar a reputación internacional da rexión.
 - e) A I+D realizada cumpre cos criterios éticos da investigación.

>> Criterios de valoración (fase 2):

1. Nivel da ciencia (máximo 10 puntos).
2. Capacidade e compromiso do equipo para a comercialización (máximo 30 puntos).
3. Posibles aplicacións da tecnoloxía (máximo 10 puntos).
4. Tempo para que a tecnoloxía chegue ao mercado (máximo 10 puntos).
5. Tamaño da oportunidade de negocio (máximo 10 puntos).
6. Estratexia de protección (máximo 15 puntos).
7. Liberdade de operación e competencia (máximo 15 puntos).

>> Retornos:

As entidades beneficiarias estarán obrigadas á devolución do 30% dos retornos económicos xerados pola comercialización dos resultados científico-tecnolóxicos do proxecto

>> Contacto e máis información:

Este programa será canalizado e xestionado pola Oficina de I+D na nosa universidade.

Aqueles investigadores/as que teñan resultados de investigación que poidan encaixar nesta convocatoria, e estean interesados en participar, ou que precisen máis información, poden poñerse en contacto dende agora connosco para ir orientando as posibles propostas.

- otri-valorizacion@uvigo.gal
- 986 811943